



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

MADRUGADORES 2023-24

O Concello de Outes pon a disposición das familias outenses o servizo de conciliación “Madrugadores” para o curso 2023-2024, que forma parte do programa “Outes Concilia”. Dito servizo desenvolverase no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.

- **Madrugadores:** ofrece un servizo de acollida, coidado, no que os menores poden almorzar. As familias deberán achegar os alimentos diariamente en termos ou envases adaptados a este fin.

Levarase a cabo durante todo período lectivo, en horario de 7:50 h da mañá ata o inicio das clases. As familias farán uso do mesmo, en función das súas necesidades de conciliación, pero deben incorporarse ó mesmo, como mínimo 30 minutos antes de comezar a xornada escolar. **O inicio da prestación do servizo será o primeiro día do calendario escolar 2023-2024, o 11 de setembro.**

Está destinado a nenas e nenos menores escolarizados no CEIP de Outes, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Poderá ser utilizado de forma fixa ou ocasional.

Prazas limitadas.

A listaxe de admisión no servizo será publicada na páxina web do Concello de Outes.

O prezo público de “Madrugadores” figura establecido na ordenanza reguladora correspondente e ascende a **20 € mensuais**, podendo ser utilizado por un importe de **2 € por día e servizo**.

Exención e bonificación

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.-Exención

A emisión dun informe social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o custo do mesmo, implicará a exención da cota.

2.- Bonificación

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns/irmás de xeito simultáneo, o segundo irmán/irmá e sucesivos terán un desconto do 50%.

Esta bonificación non se aplicará cando fagan uso do servizo en días soltos.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Documentación a achegar, sempre que non estea en poder da administración actuante:

Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acredítalo co título correspondente.
Copias da declaración da renda do ano 2022 de ambos proxenitores
Fotocopia tarxeta sanitaria da/o menor
O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise.

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres. O prazo de inscrición do 22 ao 31 de agosto.

Máis información no CIM de Outes, solicitando cita previa no número de teléfono 981850949.